



## **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA**

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa do Concello, o día 30 de marzo de 2023, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 23 de febreiro de 2023.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes febreiro de 2023.
3. Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades Deportivas, desenvolvidas pola FPSDM durante o ano 2022.
4. Aprobación, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal II.12 da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.
5. Aprobación, se procede, da alteración da cualificación xurídica dos bens afectados polo “Proxecto de protección acústicas do Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Tramo: Vigo-Padrón”.
6. Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle para edificio comercial destinado a supermercado de alimentación e aparcamento na Rúa Valle Inclán nº 15, promovido por dona María Emilia Uz Prado, en nome e representación de Mercadona SA.
7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de A Escardia.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a mellora das condicións de vida e de seguridade viaria da veciñanza de Faxilde.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación aos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).
12. Aprobación, se procede, da petición presentada polo grupo político municipal do BNG para nomear o actual Pavillón Castelao como Pavillón “Castelao-Helena Mariño”.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG referida ao apoio á ILP sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a supresión do aparcamento reservado para a corporación na Praza Ravela.
15. Aprobación, se procede, da solicitude do grupo político municipal de Vilagarcía en Común de comparecencia do edil responsable de Medio Ambiente, Parques e Xardíns.
16. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.





17. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
18. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
19. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
20. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 27 de marzo de 2023.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA XERAL,

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada

